

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/110

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC NAVANTIA (CÓDIGO IN853C2025/03)			
Título: O ESTALEIRO DO FUTURO. Cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027.			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: AXENTES INTELIXENTES			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 01 DE ABRIL DE 2026	FIN: 31 DE SETEMBRO DE 2028
CENTRO Inv. Principal: FACULTADE DE INFORMÁTICA DA CORUÑA / ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑERÍA DE FERROL			
OBJECTO DO CONTRATO: VER MEMORIA DE CONVOCATORIA ANEXA Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: INSTALACIÓNS CEMI UDC – NAVANTIA EDIFICIO DE BATALLÓNS (Ferrol), de luns a venres, 7h, flexibles en horario de 8:00 – 18:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a contratado/a doutor/a <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Xestor/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elixir		Técnico/a administrativo/a e de xestión <input type="checkbox"/>	
Colaborador/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elixir		Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
Técnico/a de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/> MECES 3			
XORNADA	Tempo Completo: <input type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input checked="" type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01 DE XULLO DE 2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido <input checked="" type="checkbox"/>		Duración determinada <input type="checkbox"/> DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.542,86€ (1.800,00 con pagas extra) /€ mes*			
PARTIDA ORZAMENTARIA:			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensuralidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: VER MEMORIA DA CONVOCATORIA ANEXA
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.
PAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): TITULARES: Pablo Fariñas Alvareño (CO-IP-UDC/Secretario), Tiago Manuel Fernández Caramés (CO-IP-UDC/Presidente), Diego Crespo Pereira (Co-cordinador UDC). SUPLENTES: Jerónimo Puertas Agudo (Vicerreitor de Investigación, e Transferencia), José Anta Álvarez (Adxunto a Transferencia), Javier Pernas Álvarez (Investigador UDC).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPDP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 05 de xuño de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: Pablo Fariñas Alvareño

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O presente contrato convócase ó amparo do proxecto Centro Mixto de Investigación “O estaleiro do futuro” (en adiante CEMI) no que participan a Universidade da Coruña e as empresas STGO e Navantia.

O obxecto do presente contrato é a colaboración nas actividades de investigación que se leven a cabo dentro do CEMI.

Descríbense a continuación os requisitos a cumprir pola persoa contratada.

- **REQUISITOS XERAIS**

1.- Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

- a) Ter nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración pública.
- b) Dispor da titulación requirida e cumprir o resto de requisitos indicados na convocatoria.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional necesaria para desenvolver as correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria
- e) Non ter sido separada a persoa solicitante mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, en que a dita persoa fora separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que a persoa solicitante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, nin que fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2.- A contratación de persoas estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará para os únicos efectos de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento de asinar o contrato, do permiso de residencia e da autorización de traballo por conta allea ou da acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

- **TITULACIÓN REQUERIDA**

Titulación de Mestrado, Enxeñería superior, Licenciatura ou equivalente.

- **TAREFAS A REALIZAR E OBXECTO DO CONTRATO**

As principais tarefas da persoa contratada estarán relacionadas coas seguintes áreas:

- Desenvolvemento de solucións avanzadas de intelixencia artificial aplicadas ao ámbito da dirección de operacións e da investigación operativa, incluíndo o deseño e implementación de sistemas baseados en Large Language Models (LLMs), axentes intelixentes e fluxos multiaxente orientados ao soporte á decisión, planificación e monitorización de operacións industriais e loxísticas.
- Deseño e integración de modelos de simulación e analítica predictiva para a optimización de procesos, incluíndo simulación de eventos discretos, análise de escenarios, predición da demanda, planificación da capacidade, programación de operacións e monitorización en tempo real.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

- Desenvolvemento de arquitecturas de integración entre modelos de IA, plataformas de datos e sistemas industriais e empresariais, incluíndo conexión con bases de datos, APIs, sistemas MES/ERP/SCADA, plataformas IoT e ferramentas de analítica avanzada.
- Desenvolvemento de proxectos piloto e casos de uso aplicados en contornas reais, validación experimental de modelos e avaliación de resultados en termos de eficiencia operativa, automatización e soporte intelixente á toma de decisións.
- Participación en actividades de investigación, transferencia e difusión científica relacionadas coa intelixencia artificial aplicada ao operations management, simulación e optimización de procesos.

• DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será indefinido, conforme á lexislación aplicable. Advírtese que o contexto da presente convocatoria está vinculado ó proxecto CEMI, cuxa finalización está prevista para fin de setembro de 2028.

• CRITERIOS DE SELECCIÓN

Valorarase positivamente estar en posesión dun grao en enxeñaría industrial, enxeñaría informática, enxeñaría de telecomunicacións, intelixencia artificial ou titulacións afíns, así como estudos de mestrado relacionados con enxeñaría industrial, intelixencia artificial, analítica de datos e investigación operativa.

Dentro da titulación cursada, valorarase especialmente ter realizado materias, traballos fin de grao/mestrado ou proxectos relacionados con:

- Intelixencia artificial e machine learning.
- Large Language Models (LLMs) e sistemas multiaxente.
- Simulación de eventos discretos.
- Investigación operativa e optimización.
- Planificación e programación de operacións.
- Xemellos dixitais e sistemas ciberfísicos.
- Arquitecturas software e desenvolvemento de APIs.
- Sistemas IoT e integración de datos industriais.

Igualmente, valorarase positivamente a experiencia previa e formación específica (cursos, seminarios, publicacións, proxectos, etc.) en:

- Desenvolvemento de aplicacións baseadas en LLMs.
- Frameworks de axentes intelixentes (LangChain, LangGraph, n8n ou similares).
- Python e librerías de IA e ciencia de datos.
- Simulación de eventos discretos (FlexSim, Plant Simulation, SimPy ou similares).
- Analítica predictiva e modelos de optimización.
- Integración de sistemas industriais e plataformas de datos.
- Bases de datos SQL e NoSQL.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

- Visualización e monitorización de operacións.
- Investigación aplicada en operations management e operations research.

Os méritos alegados polos participantes terán que acreditarse documentalmete e cumprirse ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Só se valorarán os méritos relacionados co perfil da praza.

A praza quedará deserta se ningún candidato atinxe unha cualificación mínima de 30 puntos conforme ó seguinte baremo. Este mínimo será tamén aplicable para formar parte da listaxe de agarda.

- Titulación requirida. Avaliase a nota media da titulación requirida para optar á praza ata 20 puntos (e.g. nota media do mestrado cursado).
 - Nota media expediente académico: 10 ---- 20 puntos
 - Nota media expediente académico: 9 ---- 18 puntos
 - Nota media expediente académico: 8 ---- 16 puntos
 - Nota media expediente académico: 7 ---- 14 puntos
 - Nota media expediente académico: 6 ---- 12 puntos

Se a titulación achegada pertence ao ámbito da enxeñaría industrial (Mestrado en Enxeñaría Industrial), enxeñaría informática, enxeñaría de telecomunicacións, intelixencia artificial, ciencia de datos, analítica de datos, investigación operativa ou organización industrial, valorarase integramente. Se pertence a calquera outro ámbito valorarase co 5 % da cualificación obtida conforme á súa nota media.

- Formación específica adicional relacionada co perfil concreto ao que se presenta ata 20 puntos.
 - Mestrados e cursos relacionados co perfil da praza: 10 puntos por mestrado e 1 punto por cada 50 horas (máximo 5 puntos por curso).
 - Idioma Inglés: 5 puntos por nivel C, 2 por nivel B.
- Experiencia específica (postos previos, proxectos I+D, etc.) relacionada co perfil concreto ao que se presenta: ata 20 puntos.
 - Experiencia previa en unidades mixtas de investigación formadas por empresas e organismos de investigación: 1 punto por mes traballado ata un máximo de 15 puntos.
 - Experiencia en postos previos relacionados co obxecto do contrato: 2 puntos por mes traballado, ata 15 puntos.
 - Experiencia previa no desenvolvemento de proxectos de I+D no campo do obxecto do contrato: 5 puntos por proxecto europeo, 4 estatal e 3 autonómico (ata 10 puntos).
- Experiencia en publicacións científicas e produción investigadora relacionada co obxecto do contrato ata 15 puntos.
 - Só se valorarán os artigos publicados relacionados co tema obxecto da praza. A ponderación das publicacións será para artigos en revistas con JCR de 5 puntos por artigo Q1, 4 por Q2, 3 por Q3, 2 por Q4 e 1 para artigos en revistas con outros índices de calidade (SJR, comités, congresos relevantes para a praza ou outros equivalentes).
- Entrevista persoal: valorarase a adecuación do currículo vitae ao posto de traballo. Ata 25 puntos. Entrevistarase aos candidatos con maior puntuación nos ítems anteriores (excluíndo a entrevista) que obteñan polo menos 5 puntos (únicamente os tres primeiros candidatos). A non presentación á entrevista é causa de exclusión do candidato convocado. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, a lo menos, 48 horas de antelación.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Cando a valoración dos aspirantes, de acordo cos criterios anteriores, supoña que dous ou máis aspirantes obteñan a mesma puntuación, o empate desfarase por antigüidade dos méritos aportados. A estes efectos, os méritos aportados polos aspirantes serán ordenados por orde cronolóxica, dando prioridade aos méritos máis antigos. En primeiro lugar, e unicamente para os efectos deste desempate, asignarase un punto a cada un dos méritos aportados por cada aspirante. Sen embargo, para cada un dos apartados de méritos sinalados na convocatoria, os méritos aportados no último lugar cronolóxicamente (i.e., os méritos máis recentes), serán avaliados con cero puntos.

A listaxe de agarda incluirá ós candidatos non seleccionados ordenados dacordo coa orde de puntuación dos criterios anteriores, sen ter en conta a puntuación asignada á entrevista persoal. O criterio para poder formar parte da lista de agarda será ter superado a puntuación mínima establecida nesta convocatoria para non deixar a praza deserta.

Ferrol, 05 de xuño de 2026
O CO-INVESTIGADOR PRINCIPAL

Pablo Fariñas Alvariño

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*